



30 Ourense Film Festival

26 setembro
5 outubro
2025





30 Ourense Film Festival

26 setembro / 5 outubro 2025

**Festival
Seguro,
Inclusivo e
Respectuoso**

Actuamos con
firmeza ante
calquera situación
de acoso,
violencia ou
discriminación

661 467 499 (responsábel da área Contorna Segura) entormoseguro@ouffestival.gal

Nova Calpurnia

Con motivo da súa 30ª edición, o OUFF, Ourense Film Festival, presenta o redeseño do seu trofeo máis emblemático: a Calpurnia. Esta escultura, creada orixinalmente en 1997 polo artista galego Manuel Bucíños, foi reinterpretada polo propio autor para conmemorar tres décadas de cinema en Ourense. O novo deseño inspírase na cabeza dunha actriz e está decorado con elementos cinematográficos, como unha cinta de cinema que emerge da cabeza e envolve o corpo, simbolizando o vínculo entre arte, identidade e narrativa audiovisual.



4 **Gala de Inauguración** IN
5 **Gala de Clausura** IN

6 **Sección Oficial Internacional** 4€

6 Klandestin
7 Gatillero
7 El mensaje
8 Vida Privada
8 Un simple accidente
9 Entroncamento
9 Utopolis
10 Extranjera
10 Io e Il Secco
11 Urchin
11 Sandbag Dam
12 Cuerpo celeste

14 **Sección Oficial Panorama Galicia** 4€

14 Deuses de Pedra
15 O silencio herdado
15 Ariel
16 Mi ilustrísimo amigo
16 Rapa, xente ao monte
17 O meu nome é Camba
17 Te separas mucho
18 San Simón
18 Lola
19 Serê Kaniyê
19 Filmei paxaros voando

20 **Sección Oficial Curtametraxes** EL

20 Bloque 1
24 Bloque 2
28 Bloque 3

32 **Inédito en Ourense** 4€
Sos Argentina

32 Un pájaro azul
33 Lo que quisimos ser

33 Miss carbón
34 Traslados
34 La llegada del hijo
35 Simón de la montaña

36 **Agarimo** EL

37 Emilia... parada y fonda
38 Luz que Agoniza
38 El mensajero del miedo
39 La muerte en el Nilo

40 **Colleita** EL

40 Amores Brujos
41 Mr. Nadie
41 La Sombra del Ombú
42 El cuento del lobo

42 **Cine familiar** IN

43 La luz de Aisha
43 Un "like" de Bob Trevino

44 **Xeración OUFF** EL

44 Vías cruzadas
45 Weltstadt
45 ¿Quién diablos es Juliette?
46 Entre nosotras (Deux)
46 Techo y comida
47 Tren de sombras
47 Mug (Twarz)

48 **Ciclo Amal en ruta / Cine árabe** EL

48 El viejo roble (The Old Oak)
49 Inshallah Walad
49 Bye Bye Tiberias
50 To a Land Unknown
50 El maestro (The Teacher)

51 **Fóra de serie** EL

51 O home perfecto

52 **Made in OU** EL

52 Bloque 1
53 Bloque 2
53 Bloque 3

54 **Premios** IN

54 Calpurnia de Honra
55 Premio Chano Piñeiro
56 Premio AISGE
56 Premio á mellor Opera Prima española

58 **Actividades Paralelas** EL

IN Invitación

EL Entrada Libre

CINES PONTE VELLA

Rúa Ribeira Sacra, 50 • 988 510 232

TEATRO PRINCIPAL

Rúa da Paz, 9 • 988 317 960

CINECLUBE PADRE FEIJÓO

Rúa do Concello, 11 • 988 210 700

AUDITORIO MUNICIPAL

Rúa da Canle, 2 • 988 391 290

ENTRADAS

www.ataquilla.com

www.galicine.es

OUFF

Centro Cultural Marcos Valcárcel

Rúa Progreso, 30 • +34 988 317 896

www.ouffestival.gal

 @ouffestival

 @ouffestival

 @ouffestival



Gala de Inauguración

Estrea en Galicia

9 Auditorio Municipal

© Venres 26 / 9 » 20.00 h.



Playa de Lobos

JAVIER VEIGA / España / 2025 / Ficción / 97 min

Manu traballa nun bar de praia e Klaus é un turista que non quere levantarse da última hamaca que queda por recoller. A primeira vista, semella só unha discusión absurda entre dous descoñecidos, ata que Klaus lle fai a Manu unha proposta desconcertante e inquietante.

Director Javier Veiga **Guión** Javier Veiga **Intérpretes** Guillermo Francella, Dani Rovira, Javier Veiga, Marta Hazas, Antonia San Juan

Gala de Clausura

Estrea en Galicia

9 Auditorio Municipal

🕒 Sábado 4 / 10 » 20.00 h.



La Deuda

DANIEL GUZMÁN / España / 2025 / Ficción / 115 min

O Lucas e a Antonia, unha anciá, viven nun modesto apartamento no centro da cidade. Malia as súas dificultades económicas, afrontan a vida con humor e moito afecto. As súas vidas son ordinarias ata que un fondo de investimento adquire o edificio e acaban véndose na obriga de abandonar a súa casa. O Lucas intenta xuntar os cartos necesarios para evitar perder a casa, embarcándose nunha

fuxida cara adiante con difícil retorno.

Director Daniel Guzmán **Guión** Daniel Guzmán **Intérpretes** Rosario García, Daniel Guzmán, Itziar Ituño, Susana Abaitua, Luis Tosar





**Sección Oficial
Internacional**

Sección Oficial Internacional

Estrea en España

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6

🕒 **Sábado 27 / 9 » 17.00 h.**

🕒 **Luns 29 / 9 » 19.30 h.**

🕒 **Mércores 1 / 10 » 22.00 h.**



Klandestin

ANGELINA MACCARONE / Alemaña / 2024 / Ficción / 123 min

Un conmovedor thriller político protagonizado por Barbara Sukowa e Lambert Wilson. Mathilda é unha política conservadora que avoga por controis fronteirizos estritos na UE. Porén, as cousas complícanse cando un vello amigo lle pide axuda para agochar a Malik, que entrou ilegalmente na UE desde Marrocos.

Dirección Angelina Maccarone

Guión Angelina Maccarone


Intérpretes Barbara Sukowa, Lambert Wilson, Banafshe Hourmazdi, Habib Adda, Katharina Schüttler

**2024 Festival de Cine Alemán de
Ludwigshafen Rhein (Alemaña).**
Mellor Película

**2024 Hamburgo International Film
Festival Queer Globola (Alemaña).**
Premio do público

Sección Oficial de Longametraxes

Estrea en Galicia



Gatillero

CRIS TAPIA / Arxentina / 2025 / Ficción / 80 min

O Galgo é un ex sicario que, tras saír da cadea, acepta un traballo aparentemente sinxelo na Illa Maciel. Con todo, o encargo desencadea unha serie de eventos caóticos que o confrontan a unha rede de traizóns e violencia, obrigándoo a loitar pola súa supervivencia e a cuestionar o seu propio destino.

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 8
🕒 Sábado 27 / 9 » 17.00 h.
🕒 Luns 29 / 9 » 19.30 h.
🕒 Mércores 1 / 10 » 22.00 h.

Director Cris Tapia **Guión** Cris Tapia Marchiori, Clara Ambrosioni **Intérpretes** Sergio Podeley, Julieta Díaz, Maite Lanata, Ramiro Blas, Mariano Torre

2025 Festival de Cine Fantástico de Bilbao (España) Premio do Público Mozo

🕒 27 / 9 e 29 / 9 » Coa presenza dos produtores

Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia



📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6
🕒 Sábado 27 / 9 » 19.30 h.
🕒 Luns 29 / 9 » 22.00 h.
🕒 Mércores 1 / 10 » 17.00 h.

El mensaje

IVÁN FUND / Arxentina-España-Uruguai / 2025 / Ficción / 91 min

Anika é unha nena de 9 anos que pode comunicarse cos animais. No medio dunha crise económica en Arxentina, ela e os seus titores viaxan nunha caravana ofrecendo servizos de médium de mascotas para gañar o pan, mentres visitan á nai da nena nunha institución psiquiátrica.

Director Iván Fund **Guión** Iván Fund, Martín Felipe Castagnet **Intérpretes** Mara Bestelli, Marcelo Subiotto, Anika Bootz, Betania Cappato

2025 Festival de Cine de Berlín (Alemania) Premio do Xurado – Oso de Prata

2025 Festival de Cine de Pekín (China) Mellor Fotografía, Mellor Actriz de Reparto (Mara Bestelli) e Mellor Contribución Artística

🕒 27 / 9 » Coa presenza da productora e director de fotografía

Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 8
 🕒 Sábado 27 / 9 » 19.30 h.
 🕒 Luns 29 / 9 » 22.00 h.
 🕒 Mércores 1 / 10 » 17.00 h.



Vida Privada

REBECCA ZLOTOWSKI / Francia / 2025 / 105 min

A recoñecida psiquiatra Lilian Steiner inicia unha investigación privada sobre a morte dun dos seus pacientes, convencida de que foi asasinado.

Dirección Rebecca Zlotowski
Guión Anne Berest, Gaëlle Macé, Rebecca Zlotowski
Intérpretes Jodie Foster, Daniel Auteuil, Virginie Efira, Matthieu Amalric, Vincent Lacoste

Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6
 🕒 Sábado 27 / 9 » 22.00 h.
 🕒 Luns 29 / 9 » 17.00 h.
 🕒 Mércores 1 / 10 » 19.30 h.



Un simple accidente (It Was Just an Accident)

JAFAR PANAHI / Irán-Francia-Luxemburgo / 2025 / Ficción / 105 min

Un home conduce de noite coa súa muller embarazada cando atropela e mata a un can, o que lle obriga a levar o coche ao taller que dirixe un home parecido ao oficial que o torturou na cadea.


Director Jafar Panahi **Guión / Guion** Jafar Panahi **Intérpretes** Vahid Mobasseri, Mariam Afshari, Ebrahim Azizi, Hadis Pakbaten

2025 Festival de Cannes (Francia)
 Palma de Ouro á Mellor Película



Sección Oficial Internacional

Estrea en España



Entroncamento

PEDRO CABELEIRA / Portugal-Francia / 2025 / Ficción / 131 min

Entroncamento é unha pequena cidade satélite de Lisboa. Nela, a vida é moi dura. Fuxindo dun pasado turbulento, Laura refúxiase nela coa esperanza dunha vida mellor. Establece amizade cun mozo desilusionado non moi diferente dela. Entre violencia, mala sorte e cobiza, as rúas da cidade nunca dormen. Unha película ruidosa e enérxica que mira a verdade á cara.

Director Pedro Cabeleira **Guión** Diogo Figueira, Pedro Cabeleira
Intérpretes Ana Vilaça, Cleo Diára, Rafael Moraes, Tiago Costa, Sérgio Coragem, André Simões

© 27 / 9 » Coa presenza do produtor

Sección Oficial Internacional

Estrea internacional



Utopolis

VLADIMIR SUBOTIC / Grecia/ 2024/ 85 min

Sam, un mozo refuxiado que traballa na construción en Utópolis, preséntanos a Timur, outro refuxiado. Timur visita un posto de café onde se reúnen os vixilantes do barrio: Yannis e Sotiris. Un frustrado Yannis culpa aos refuxiados dos seus problemas, sospeita de Timur e síguelo ata Utópolis. Loitan e caen nun profundo abismo, revelando os seus pasados e segredos.

Director Vladimir Subotic **Guión** Maja Todorovic, Vladimir Subotic. **Intérpretes** Goran Bogdan, Makis Papadimitriou, Katerina Mavrogiorgi, Andreas Konstantinou, Panos Koronis

Sección Oficial Internacional

Estrea mundial



Extranjera

MICHELLE MALLEY CAMPOS / Porto Rico–Taiwán / 2025 / Ficción / 97 min

Estefanía Urriga, artista e mestra, ve como a súa vida se desmorona paulatinamente cando o seu pai é investigado pola xustiza debido a varios casos de corrupción. Para escapar do escándalo, foxe a Taiwán co pretexto de buscar respostas da súa distanciada nai, pero en cambio elixe distraccións con novas amizades, noites desenfreadas e paixóns inesperadas.

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 8
🕒 Domingo 28 / 9 » 17.00 h.
🕒 Martes 30 / 9 » 22.00 h.
🕒 Xoves 2 / 10 » 19.30 h.

Directora Michelle Malley Campos **Guión** M. Malley Campos
Intérpretes Aris Mejías, Patricia Reyes Spíndola, Daniel Lugo, Eyra Agüero, Gabriel Leyva

🕒 **28 / 9 » Coa presenza da directora e a actriz protagonista**

Sección Oficial Internacional

Estrea en España



📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6
🕒 Domingo 28 / 09 » 19.30 h.
🕒 Martes 30 / 09 » 22.00 h.
🕒 Xoves 2 / 10 » 17.00 h.

Io e Il Secco

GIANLUCA SANTONI / Italia / 2024 / 100 min

Denni, de dez anos, ten unha misión que cumprir: salvar á súa nai da violencia do seu pai. Sendo tan novo, non pode facelo só. Entón decide buscar a axuda de alguén cuxo traballo é matar xente: un “superasasino”. O escollido é Secco, que non é un criminal, senón un rapaz cuxa vida non foi doada. Co encontro entre Denni e Secco comeza unha aventura que oscila entre o drama e a comedia, a cabalo entre a fantasía e a dura realidade.

Dirección Gianluca Santoni **Guión** Gianluca Santoni, Michela Straniero **Intérpretes** Andrea Lattanzi, Francesco Lombardo, Barbara Ronchi, Andrea Sartoretti, Swamy Rotolo, Zoe Trevisan

2025 David di Donatello (Italia)
Nominada á Mellor Ópera Prima

2024 Riviera International Film Festival (Italia) Mellor guión e Premio do público

Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia



Urchin

HARRIS DICKINSON / Reino Unido / 2025 / Ficción / 99 min

Nas rúas de Londres, Mike, un mozo sen fogar, loita por sobrevivir mentres se enfronta ao seu pasado e busca unha saída á súa situación. A súa vida transcorre entre a marxinalidade e breves destelos de esperanza. A medida que se adentra nun camiño de autodescubrimiento, xorden oportunidades inesperadas que poderían marcar un novo comezo.

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 8
🕒 Domingo 28 / 9 » 19.30 h.
🕒 Martes 30 / 9 » 17.00 h.
🕒 Xoves 2 / 10 » 22.00 h.

Director Harris Dickinson **Guión** H. Dickinson **Intérpretes** Frank Dillane, Megan Northam, Amr Waked

2025 Festival de Cine de Cannes (Francia) Un Certain Regard – Mellor Actor (Frank Dillane) e Premio FIPRESCI (crítica)



Sección Oficial Internacional

Estrea en Galicia



📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6
🕒 Domingo 28 / 9 » 22.00 h.
🕒 Martes 30 / 9 » 17.00 h.
🕒 Xoves 2 / 10 » 19.30 h.

Sandbag Dam (Zečji Nasip)

ČEJEN ČERNIĆ ČANAK / Croacia / 2024 / 88 min

Unha historia de amor prohibido, ambientada nunha aldea ameazada polas enchentes dos ríos. De volta á casa para o funeral do seu pai, Slaven reactiva a súa relación co seu amigo da infancia, o mozo atleta Marko, o seu amor adolescente e a razón pola que o seu pai o botou da casa. Agora, tentados de reunirse, teñen que aceptar as súas propias decisións e loitar contra as restricións familiares.

Directora Čejen Černić Čanak **Guión** Tomislav Zajec **Intérpretes** Lav Novosel, Andrija Žunac, Leon Grgić, Franka Mikolaci, Tanja Smoje, Alma Prica, Filip Šovagović, Luka Baškarad

2025 Outshine Miami 2025 (EEUU) Premio do Xurado á Mellor Longametraxe de Ficción

2025 Wicked Queer Boston (EEUU) Mellor Longametraxe Internacional de Ficción



Estrea en Galicia

📍 Cines Ponte Vella / Sala 8
 🕒 Domingo 28 / 9 » 22.00 h.
 🕒 Martes 30 / 9 » 19.30 h.
 🕒 Xoves 2 / 10 » 17.00 h.



NAYRA ILIC / Chile-Italia / 2025 / Ficción / 93 min

Verán de 1990. Chile está en pleno proceso de retorno á democracia tras 17 anos baixo a ditadura de Augusto Pinochet. Nunha vila costeira preto do deserto de Atacama, a Celeste, de 15 anos, pasa as vacacións de Noitevella canda os seus amigos e a súa familia na praia. Xusto cando o mundo parece cheo de alegría e esperanza polo que traerá un novo futuro, un trágico suceso rompe a idílica e optimista atmosfera.

Directora Nayra Ilic **Guión** Nayra Ilic **Intérpretes** Helen Mrugalski, Daniela Ramírez, Nicolás Contreras, Néstor Cantillana, Mariana Loyola

2025 Festival de Tribeca (EE.UU.)
Mención Especial do Xurado

**2025 Festival Internacional de
Guadalajara (México) Mención
Honorífica**



Unha película de
ZELTIA OUTEIRIÑO GONZÁLEZ



FILMEI PAXAROS VOANDO

*** RODRIGO GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PEPÉ OUTEIRIÑO, ANTONIO OUTEIRIÑO, CONCHA OUTEIRIÑO, MARCOS OUTEIRIÑO GONZÁLEZ
O FILME • CINCO MESES • SÉTIMA • UNHA PELÍCULA DE ZELTIA OUTEIRIÑO GONZÁLEZ, NICHIA MOSQUERA
DIRECCIÓN • RODRIGO GONZÁLEZ GONZÁLEZ, MARCOS OUTEIRIÑO, PEPÉ OUTEIRIÑO, ANTONIO OUTEIRIÑO, CONCHA OUTEIRIÑO, MARCOS OUTEIRIÑO GONZÁLEZ
DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN • LETICIA T. BLANCO, SIBELA GRAELL VIVANCO, SILVIA FUENTES, ZELTIA OUTEIRIÑO GONZÁLEZ



30 Ourense
Film Festival

MAKING MOVIES

UNHA VIAXE DETRÁS
DAS CÁMARAS



Exposición de material orixinal de
**STAR WARS
INDIANA JONES
ALIEN**

Do 13 de setembro ao 2 de novembro

luareda

OUFF

EUROPEA

IR

ABANCA

CADIS

La Región

G

La Región



**Sección Oficial
Panorama Galicia**

Sección Oficial Panorama Galicia

9 Teatro Principal

Sábado 27 / 9 » 22.00 h.

Cines Ponte Vella / Sala 7

Luns 29 / 9 » 17.00 h.



Deuses de Pedra

IVÁN CASTIÑEIRAS / España-Francia-Portugal / 2025 / Documental / 85 min

Deuses de Pedra é un compendio de relatos, personaxes e historias que revelan as memorias e retratan a forma de vida dunha comunidade rural situada na fronteira entre Galicia e Portugal: a raia. Nunha das últimas escolas rurais, Mariana, unha nena de catro anos, descobre o mundo a través dos ensinamentos da súa mestra. Os contos infantís mestúranse coas lendas e historias que aínda

habitan o lugar. Entre relato e relato, Mariana medra e, aos seus dezasete anos, enfróntase a unha decisión vital: abandonar a súa aldea e separarse da súa nai para estudar no estranxeiro.

Director Iván Castiñeiras **Guión**
Iván Castiñeiras

© 27 / 9 » Coa presenza do director,
productor e protagonistas

Sección Oficial Panorama Galicia

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
 🕒 Luns 29 / 9 » 22.00 h.
 📍 **Teatro Principal**
 🕒 Mércores 1 / 10 » 17.00 h.



O silencio herdado

LUCÍA DAPENA GONZÁLEZ / España / 2024 / Documental / 81 min

Como podemos falar do que non se conta? A Lucía achégase á súa avoa Edilia en busca de respostas, pero só atopa silencio. Un silencio escuro e doloroso, imposible de romper. Cando comprende que a Edilia nunca lle dará as respostas que busca, explorarán xuntas os límites das palabras e das imaxes, facendo dese silencio o seu lugar de encontro. Retrato dunha memoria íntima e familiar que esvaece; que explora a

tensión entre a morte dos nosos avós, unha xeración de persoas que non puideron transmitir a súa historia e a vivencia dos netos que debemos convivir con este baleiro.

Directora Lucía Dapena González
Guión Lucía Dapena González,
 Liliána Díaz Castillo **Intérpretes**
 Documental

🕒 29 / 9 e 1 / 10 » **Coa presenza da directora**

Sección Oficial Panorama Galicia

📍 **Teatro Principal**
 🕒 Luns 29 / 9 » 17.00 h.
 📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
 🕒 Martes 30 / 9 » 22.00 h.



Ariel

LOIS PATIÑO / España-Portugal / 2025 / Ficción / 108 min

Agostiña Muñoz, actriz argentina de orixe galega, visita a súa familia nun pobo de Galicia na fronteira con Portugal. Instalada na casa onde a súa avoa pasou a súa infancia, aproveita eses días para ensaiar o texto en portugués da *La tempestad*, de *William Shakespeare*, xa que foi convidada por unha compañía de teatro para representar a obra nunha illa do arquipélago dos Azores. Viaxa ata alí en

barco, pero cando chega non atopa a ninguén da compañía, nin ninguén da illa que pareza saber nada sobre o espectáculo.

Director Lois Patiño **Guión** Lois Patiño **Intérpretes** Agustina Muñoz, Irene Escolar, Hugo Torres, José Díaz, Marta Pazos

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea en Galicia

📍 **Teatro Principal**
🕒 Luns 29 / 9 » 22.00 h.
📍 **Cines Ponte Vella**
🕒 Martes 30 / 9 » 17.00 h.



Mi ilustrísimo amigo

PAULA CONS / España / 2024 / Ficción / 81 min

Baseada en feitos reais, a película ambientada no século XIX recrea a intensa relación amorosa entre Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós, dous xigantes da literatura española, cuxa historia se desenvolveu en gran parte a través de cartas e encontros discretos, desafiando as convencións sociais da súa época. Unha historia de amor, paixón e sexo, adiantada ao seu tempo.

Directora Paula Cons **Guión** Javier Pascual **Intérpretes** Lucía Veiga, Paco Déniz

2025 Berlín Woman Cinema (Alemania): Mellor Película

2025 Miami Women Film Festival (EE.UU): Mellor Dirección de Fotografía

🕒 **29 / 9 » Coa presenza da directora e a actriz protagonista**

Sección Oficial Panorama Galicia

📍 **Teatro Principal**
🕒 Martes 30 / 9 » 17.00 h.
📍 **Cines Ponte Vella / Sala 7**
🕒 Mércores 1 / 9 » 22.00 h.



Rapa, xente ao monte

ALEJANDRO ENRÍQUEZ / España / 2024 / Documental / 115 min

O cabalo galego de monte enfrenta unha ameaza inminente: a súa poboación está a diminuír e só unas poucas bestas sobreviven, acosadas por cuatrerros, lobos e agora tamén polos parques eólicos. Ao seu carón, a pequena aldea de Sabucedo (Pontevedra) preserva algo excepcional: un vínculo ancestral e íntimo con estes cabalos salvaxes. Unha vez ao ano, a aldea celebra A Rapa das bestas, un evento que

atrae a 15.000 persoas. Durante esta tradición ancestral, os veciños enfróntanse corpo a corpo cos cabalos, cortando as súas crinas.

Director Alejandro Enríquez **Guión** Alejandro Enríquez **Intérpretes** Documental

🕒 **30 / 9 » Coa presenza do director**

Sección Oficial Panorama Galicia

- 📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
- 🕒 Mércores 1 / 10 » 17.00 h.
- 📍 **Teatro Principal**
- 🕒 Venres 3 / 10 » 22.00 h.



O meu nome é Camba

ASER ÁLVAREZ / España / 2025 / Documental / 69 min

Unha viaxe para descubrir a vida e obra do Julio Camba (Vilanova de Arousa, 1884 – Madrid, 1962), un dos xornalistas españois máis populares do século XX. No documental viaxamos a través da memoria, dos testemuños de biógrafos, expertos, xornalistas, actores e actrices e amigos, así como das lecturas dos artigos elaborados pola pluma de Julio Camba nas distintas cidades do mundo nas que viviu e traballou:

Bos Aires, Estambul, Londres, París, Berlín, Roma, Lisboa e Nova Iorque.

Director Aser Álvarez **Guión** Aser Álvarez **Intérpretes** Juan Manuel García Bartolomé, Manuel Rivas, Luis Piedrahita, Xosé Antonio Touriñán, Xoán Tallón, Maribel Outeiriño, Mavi Doñate

🕒 **3 / 10 » Coa presenza do director**

Sección Oficial Panorama Galicia

- 📍 **Teatro Principal**
- 🕒 Mércores 1 / 10 » 22.00 h.
- 📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
- 🕒 Xoves 2 / 10 » 17.00 h.



Te separas mucho

PAULA VELEIRO / España / 2024 / Documental / 67 min

En 1989, o José Luis e a Luz María, un novo matrimonio que vive en Galicia e acaba de ter unha filla, divórciase. O José Luis filma todo o proceso de ruptura coa súa cámara. En 2019, a súa filla Paula, que vive en Francia dende hai dez anos coa súa moza Joy, sepárase. A Paula, igual que fixera o seu pai, gravou durante todo este tempo a súa historia de amor e o seu final.

Directora Paula Veleiro **Guión** P. Veleiro **Intérpretes** José Luis Pérez Veleiro, Luz María López Castro, Joy Thomas, Paula Veleiro

2024 Festival de Cine de Gijón / Xixón (España) Premio AMAE ao Mellor montaxe dun filme español

2025 Festival Queer de Sicilia (Italia) Premio do Público

🕒 **1 / 10 » Coa presenza da directora**



Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea en Galicia



San Simón

MIGUEL ÁNGEL DELGADO / España-Portugal / 2025 / Ficción / 107 min

Tras ser un dos lazaretos máis importantes de España, a illa de San Simón permaneceu deserta ata que a ditadura franquista decidiu facer uso dela. Convertida nun mortífero campo de concentración, as persoas presas alí foron vítimas dunha brutal represión no medio dunha beleza sobrecolledora.

Director Miguel Ángel Delgado
Guión M. A. Delgado **Intérpretes** Flako Estévez, Alexandro Bouzó, Guillermo Queiro, Ana Fontenla, María del Carmen Jorge Veiga

© 2 / 10 » Coa presenza do director

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea mundial



Lola

ANTÓN CAEIRO / España / 2025 / Documental / 91 min

Lola é unha obra sobre a memoria da propia memoria. A través do relato dunha adolescente, percorre as vivencias da familia Rodal Blanco durante os anos da Guerra Civil e a represión que padeceron. A Lola tiña 15 anos cando, tras o Golpe de Estado de 1936, viu como se desmoronaba o seu mundo familiar e social. Sen a protección da súa nai nin do seu pai, quedou completamente

9 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
© Xoves 2 / 10 » 22.00 h.
9 **Teatro Principal**
© Venres 3 / 10 » 17.00 h.

soa coa súa irmá pequena. Practicamente vivían de pedir esmola na rúa e, aínda así, foron capaces de sacar adiante á súa familia no cárcere, mandándolles paquetes por Correos.

Director Antón Caeiro **Guión** Antón Caeiro **Intérpretes** Dolores Rodal Blanco

© 2 / 10 e 3 / 10 » Coa presenza do director

Sección Oficial Panorama Galicia

Estrea mundial



Serê Kaniyê

OLMO COUTO / España-Siria / 2025 / Documental / 61 min

Unha meditación sobre a guerra, vista a través da vida de tres mulleres kurdas pertencentes ao movemento Kongreya Star, mulleres que resisten e soñan, forxando camiños de autonomía e empoderamento no corazón do conflito en Rojava, Kurdistán sirio. Unha testemuña poética da coraxe, o coidado e a esperanza indomable que pode brotar mesmo na terra arrasada pola devastación. O documental entrelaza fragmentos da súa

Teatro Principal

● Xoves 2 / 10 » 22.00 h.

Cines Ponte Vella / Sala 7

● Venres 3 / 10 » 17.00 h.

Sección Oficial Panorama Galicia

Fóra de Concurso



Filmei paxaros voando

ZELTIA OUTEIRIÑO / España / 2024 / Documental / 100 min

A Zeltia, directora do documental, tras dúas décadas en Barcelona lonxe da súa Galicia natal e da súa nai Socorro (unha muller conservadora da que se afastou) regresa á súa terra para filmar unha película e explorar o seu desarraigamento familiar. Na súa procura de respostas, segue a vida do seu tío Antonio, un artesán téxtil co que se identifica pola súa creatividade e visión da vida.

Cines Ponte Vella / Sala 8

● Venres 3 / 10 » 19.30 h.

Directora / Guión Zeltia Outeiriño

Intérpretes Socorro González, Pepe Outeiriño, Antonio Outeiriño, Concha Outeiriño, Marcos Outeiriño

2024 L'Alternativa (Barcelona)

Mención Especial do Xurado

2024 Premio Mestre Mateo

Mellor Documental

● 3 / 10 » Coa presenza da directora

existencia cotiá -instantes de alegría, dor e resistencia- nun territorio marcado por máis dunha década de violencia. Mentres atravesan o exilio e a perda, a tenrura convértese no seu acto silencioso de rebeldía.

Director Olmo Couto **Guión** Olmo Couto **Intérpretes** H. Surya, Diya Ebdela, H. Dilan

● 2 / 10 e 3 / 10 » Coa presencia do director





**Sección Oficial
Curtametraxes**

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1

📍 **Cineclube Padre Feijoo**
🕒 **Mércores 1 / 10 » 17.30 h.**
🕒 **Xoves 2 / 10 » 20.00 h.**



Hippocampus

XAIME MIRANDA / Galicia / 2024 / Ficción / 15 min

Tomás é un home atrapado no pasado. Xa vello, segue atormentado polo recordo dunha tarde con Marta, o seu amor platónico de toda a vida. Sempre creu que, se tivese dado un paso adiante, a amizade podería terse convertido en algo máis. Un novo dispositivo tecnolóxico permítelle revivir esa lembranza: unha simulación mental lévao de volta a aquel día

fronte o mar, diante da Marta. Desta vez atrevése, pero ela respóndelle con incredulidade. A negativa derrúbao e, incapaz de aceptala, a súa tristeza convértese en frustración. A memoria distorsiónase ata tornar nunha prisión de nostalgia infinita, un bucle do que Tomás nunca poderá fuxir.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1

📍 Cineclub Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 17.30 h.

🕒 Xoves 2 / 10 » 20.00 h.



Sad Girl Summer

ROBERTA CHÁVEZ CORRAL / España / 2024 / Ficción / 10 min

Tras a desaparición repentina do seu pai, a Grecia afunde nunha soidade silenciosa que lle resulta insoportable. Sen respostas nin apoio, atopa un inesperado refuxio na compañía da Amanda, unha adolescente rebelde, caótica e chea de enerxía. O que comeza como un encontro improbable acaba converténdose nun vínculo único, unha amizade marcada pola vulnerabilidade e pola

forza compartida de dúas rapazas que buscan un lugar no mundo. *Sad Girl Summer* explora a dor, a perda e a beleza das conexións inesperadas, ofrecendo un retrato íntimo dunha amizade capaz de iluminar incluso os días máis escuros.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1

📍 Cineclub Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 17.30 h.

🕒 Xoves 2 / 10 » 20.00 h.



El resσό de la mirada

CARLES BOVER / España / 2025 / Documental / 10 min

Documental sobre o peso de filmar a dor, a culpa de quen a observa e a responsabilidade de mostrala. A partir dunha rodaxe en Gaza hai dez anos, o director revisita imaxes descartadas, miradas directas á cámara e momentos incómodos que poñen en cuestión a súa profesión, a súa vocación e a capacidade transformadora das imaxes nun mundo insensible á súa sobreexposición. Esa

mirada segue a resoar anos despois, entre a impotencia, a memoria e a denuncia.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1

📍 Cineclub Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 17.30 h.

🕒 Xoves 2 / 10 » 20.00 h.



Land of the Dead Deer

ANAHITA QARCHEH, SOROUGH JAVADZADEH / Irán / 2025
/ Ficción / 15 min

Esta é a historia de todos e cada un de nós en Irán. Persoas adultas que un día fomos cativas, ás que un sistema educativo esgotado e autoritario lles roubou sonhos, creatividade e liberdade. Un sistema que nos ensinou a obedecer, a competir e a calar, pero nunca a cuestionar, a imaxinar ou a amar. Cada aula converteuse nun lugar onde se esmagaban

esperanzas e potenciais, repetindo unha ferida xeración tras xeración. O filme é un lamento colectivo, mais tamén unha memoria compartida que pon en evidencia como a infancia roubada marca para sempre a vida de quen a sofre.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1

📍 Cineclub Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 17.30 h.

🕒 Xoves 2 / 10 » 20.00 h.



And That's for This Christmas


PETER VULCHEV / Bulgaria / 2024 / Ficción / 15 min

And That's for This Christmas conta a historia dun home ancián que, mentres prepara ao detalle o seu propio funeral, toma conciencia de que pasará as festas só. Incapaz de durmir e abrumado pola ausencia, decide celebrar o Nadal no cemiterio, canda a tumba da súa muller falecida. Entre a soidade e a memoria, a súa noite convértese nun íntimo ritual de amor e despedida, un xesto

pequeno mais profundamente humano que fala da perda, da resistencia emocional e da necesidade de manter vivos os lazos mesmo cando xa só existen no recordo.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1



Boca de asno

CARLOS CALVAR TOMÉ / Galicia / 2025 / Ficción / 9 min

No medio da pandemia do coronavirus, a Ximena esperta famenta unha vez máis. Cada mañá repítese coma unha broma pesada, o día da marmota que semella interminable, ata que un detalle mínimo altera a rutina: levar unha vella tixola ao punto verde. A partir de aí, a súa vida convértese nunha epopea surrealista na que aparecen unha tartaruga, unha banda balcánica, un mimo

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 17.30 h.

🕒 Xoves 2 / 10 » 20.00 h.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 1



📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 17.30 h.

🕒 Xoves 2 / 10 » 20.00 h.

Carmela

VICENTE MALLOLS / España / 2025 / Animación / 15 min

Tras a Guerra Civil española, a Carmela intégrase nas milicias canda milleiros de mulleres decididas a loitar. A súa batalla é dobre: enfrontar o avance do fascismo e defender as liberdades conquistadas coa Segunda República. No fragor do combate, unha granada caseira arráncalle a man coa que sostíña as súas armas e os seus ideais. A súa ferida convértese nun símbolo

da perda, pero tamén da resistencia dunha xeración de mulleres que non renunciaron á dignidade nin á memoria, mesmo cando o corpo lles foi mutilado pola guerra.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2



Kokuhaku

ADRIÀ GUXENS / España / 2025 / Ficción / 15 min

Kokuhaku desenvólvese durante unha entrevista a Tadashi, un mozo actor xaponés que dedica a súa vida a interpretar personaxes femininos nunha práctica escénica próxima ao kabuki. No diálogo coa cámara e coa audiencia, a conversa convértese nunha viaxe cara ao pasado, onde afloran lembranzas íntimas, confesións e fragilidades que van alén da arte. A través da memoria

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 20.00 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 17.30 h.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2



L'acquario

GIANLUCA ZONTA / Italia / 2024 / Ficción / 14 min

En *L'acquario*, Vincenzo enfróntase á súa primeira cita coa Sara, sentindo a inseguridade de quen non sabe que dicir. Para gañar confianza, decide pedirlle consello a unha intelixencia artificial que lle vai marcando as respostas. O encontro flúe e xorde unha historia de amor inesperada, marcada polo xogo entre a espontaneidade e a dependencia tecnolóxica.

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 20.00 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 17.30 h.

Entusiasmados, Vincenzo e Sara chegan a organizar unha cita á cegas para os seus mellores amigos, de novo coa intervención da IA. Mais o que comezou como unha axuda inofensiva abre interrogantes sobre a autenticidade dos sentimentos e a capacidade real de conectar cos demais.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 20.00 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 17.30 h.



Mar de Fóra

MIRIAM RODRÍGUEZ, ÁNGEL CEA, ERIKA MARTÍNEZ /
Galicia / 2024 / Documental / 15 min

Mar de fóra pon o foco nas mulleres que, fuxindo da violencia e das vulneracións de dereitos nos seus países de orixe, emprenden a perigosa ruta canaria, considerada unha das máis mortíferas do mundo. No seu proceso migratorio, sofren unha dobre discriminación: á dureza do camiño engádesa a violencia exercida contra elas polo simple

feito de seren mulleres. Unha realidade que non desaparece ao chegar a Europa, onde atopan novos prexuízos e violencias estruturais que agravan a súa vulnerabilidade. O filme recolle voces protagonistas e testemuños de persoas implicadas na súa acollida, debuxando un retrato íntimo e necesario desta loita pola dignidade e os dereitos.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 20.00 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 17.30 h.



Molly

BENJAMIN HUJAWA / Alemaña / 2024 / Ficción / 13 min

Kai, un mozo de vinte e poucos anos, vive coa súa familia na granxa rural onde medrou. A súa vida semella marcada polo deber e pola rutina, ata que Emma, o seu amor de infancia, confesa que marchará ao estranxeiro para continuar os seus estudos. A noticia obrígaos a enfrontarse á posibilidade dun futuro distinto, a decidir entre a fidelidade ás obrigas familiares e o desexo dunha vida propia.

No seu último día xuntos, Kai e Emma percorren a paisaxe rural nunha viaxe ambivalente, chea de silencios, anhelos e preguntas sen resposta, que reflicte a tensión entre a tradición e a liberdade persoal.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2



Taxidermist

SOUSAN SALAMAT CHAGHOOSHI / BEHZAD ALAVI / Irán / 2025 / Ficción / 15 min

Taxidermist segue a Shahbaz, un taxidermista que tamén se dedica ao contrabando de animais, mentres emprende unha viaxe por estrada para entregar un encargo extraño a un cliente. O que parecía un simple traslado convértese axiña nun percorrido cheo de imprevistos, no que as fronteiras entre cazador e presa se esvaece. Sen palabras,

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 20.00 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 17.30 h.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2



Sem fantasia

PEDRO MURAD, DANIEL HERZ / Brasil / 2024 / Ficción / 15 min

Nunha gran metrópole, o vello centro urbano, degradado e en ruínas, está condenado a arder: o goberno ordena a súa incineración total e a poboación prepárase para evacuar. Mais entre o abandono e o lume inminente, unha prostituta envellecida decide quedar, aceptando desaparecer entre as chamas como derradeiro acto de resistencia ou liberación. No silencio da cidade que

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 20.00 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 17.30 h.

se apaga, recibe a visita inesperada dun antigo cliente, e ese encontro abre un espazo íntimo de memoria, desexo e despedida fronte ao fin do mundo que os rodea.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 2



Noites de prata

SORAYA ANTELO / Galicia / 2024 / Animación / 4 min

Esta curta de animación en 2D e 3D cóntanos, a través da música, a historia de Lola, unha muller galega que emigra a Bos Aires tras a Guerra Civil española. Sen nada máis que a súa voz, comeza dende abaixo ata converterse en cantante nos bares máis emblemáticos da cidade. A súa vida está marcada polo esforzo, a soidade e a nostalgia dunha terra deixada atrás, mais tamén

9 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Mércores 1 / 10 » 20.00 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 17.30 h.

pola forza coa que consegue avanzar no camiño. Nunha das súas últimas actuacións, Lola entoou unha canción que fala desa morriña profunda, e nese intre os recordos da súa vida mestúranse coa realidade presente, construíndo unha viaxe emocional que culmina cunha sorpresa inesperada e reveladora.



Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3

📍 Cineclub Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.



Donde revientan las luciérnagas

MIGUEL ÁNGEL PAPALINI / Arxentina / 2024 / Ficción / 15 min

Dónde revientan las luciérnagas acompaña a unha familia fracturada: unha nai e os seus dous fillos preadolescentes que fuxen da calor abafante e da violencia cotiá para improvisar unha fin de semana nas serras cordobesas. O que semella unha escapada cara á calma pronto se ve ameazado por tormentas, un teléfono que non deixa de vixiar, as dores de cabeza que non dan tregua

e as tensións latentes entre eles. Nese espazo intermedio entre o desexo de descanso e a imposibilidade de atopalo, emerxe un retrato íntimo da fragilidade familiar, onde a busca de refuxio convértese tamén nun espello das súas feridas máis profundas.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3

📍 Cineclub Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.



Holdsworth

XOSE DOPAZO / Galicia / 2025 / Ficción / 5 min

Holdsworth é unha curta de ficción de cinco minutos e medio que propón unha viaxe tan vertixinosa como hipnótica. A través dunha narración cargada de ritmo e ironía, o filme leva ao espectador a enfrontarse con paradoxos lóxicos e matemáticos, mentres seguimos a un vello profesor do Trinity College atrapado entre a epistemoloxía, unha cafeteira italiana, ecos da Primeira Guerra

Mundial, as notas de Schubert e mesmo unha cociña de gas. Un xogo audiovisual que mestura acción trepidante e reflexión intelectual nunha peza breve mais chea de capas e detalles. *Holdsworth*: se pestanexas, pérdelo.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.



Bondi Boy

RHAVIN BANDA / Australia / 2025 / Ficción / 11 min

Bondi Boy segue ó Radhesh Balasubramanian, un estudante de secundaria que vive no privilegiado barrio de Bondi, en Sidney. No seu intento por ascender na xerarquía social da escola, o Radhesh vese atrapado nunha dinámica de aparencias e ambición que o leva a traizoar ás persoas máis próximas e, pouco a pouco, tamén a si mesmo. Entre as presións e

a constante necesidade de encaixar, emerxe un retrato crítico da adolescencia nun contexto marcado polo luxo e a competencia, onde a busca de aceptación pode custar a identidade e a dignidade persoal.


Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.



Polvo de ángel

MIGUEL VARELA / Galicia / 2024 / Ficción / 15 min

A Sora atravesa un día convulso que a deixa marcada: o seu ex mozo engánaa dicindo que está enfermo e, cando ela vai coidalo, acaba sufrindo unha agresión. En shock, busca distraerse saíndo de festa coas amigas, mais estas déixana soa ao final da noite. Nese estado de vulnerabilidade aparece o Rubén, un coñecido de infancia que agora malvive con trapicheos na discoteca.

Amósase cordial e ofrécelle "Pó de Anxo" coa promesa de facela sentir mellor. Por uns instantes, a droga dálle folgos, pero desmáise de alí a un pouco. O Rubén lévaa ao baño tras un acordo cómplice co porteiro, disposto a aproveitarse dela. Mentres tanto, na pista, comeza a sesión *Inferno* do DJ Knox, anunciando que os actos do Rubén non quedarán impunes.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3



Gallina

ANA ARZA / España-Paraguay / 2024 / Ficción / 13 min

Gallina sitúanos no Paraguai de 1999, nun tempo convulso de axitación política e social que tamén pesa sobre a vida das familias máis humildes. Ramón, un labrego de escasos recursos, loita por saír adiante co pouco que posúe. Unha mañá, a súa muller pídelle que sacrifique a súa última galiña, que non só representa alimento senón tamén unha compañeira e mascota fiel.

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3



📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.

Adiós

ÁLVARO G. COMPANYY & MARIO HERNÁNDEZ / España / 2025 / Ficción / 13 min

É posible perdoarnos polos nosos erros? Unha tarde calquera nun parque convértese para a Elena e para a Ángela nun momento decisivo: alí, cara a cara, deberán pelexar contra os seus propios demos e mirar cara as feridas abertas do pasado. O encontro, marcado pola tensión e a necesidade de reconciliación, ten un único obxectivo común que as

une por riba das diferenzas: o benestar da Carmen. A través desta conversa íntima e cargada de emoción, a curta explora os límites do perdón, a complexidade dos vínculos humanos e a esperanza de que, mesmo tras a dor, sexa posible reconstruír.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.



Mexillonaria

PABLO CHOUZA / Galicia / 2024 / Documental / 15 min

Mexillonaria explora a historia do mexillón en Galicia, consumido dende a Idade de Ferro ata hoxe e convertido, coa chegada das primeiras bateas á ría de Arousa en 1945, nun motor económico fundamental para as vilas costeiras. Neste proceso, a presenza das mulleres foi clave: co seu traballo incansable en terra e no mar lograron sosteñer familias enteiras. A través da mirada da

Celia, que combina respecto polas orixes, compromiso co presente e preocupación polo futuro, a curta propón unha reflexión sobre a tradición, a identidade e os retos desta profesión mariñeira.

Sección Oficial Curtametraxes

Bloque 3

📍 Cineclube Padre Feijoo

🕒 Xoves 2 / 10 » 17.30 h.

🕒 Venres 3 / 10 » 20.00 h.



The Boy Who Cheated Death

PIPOU PHUONG NGUYEN / Francia / 2024 / Animación / 5 min

Nun universo onde realidade e imaxinación se confunden, o Syd, un neno de oito anos, intenta agochar á súa nai da Morte no xogo das agachadas e isto pronto torna nunha loita desigual. A fragilidade dela enfróntase á forza crecente da Morte, ata que comprenden que só queda aceptala. Mentres o Syd dorme, a súa nai despídese, e o depredador derradeiro revela o seu verdadeiro rostro:

o Tempo, que un día tamén virá por el. Mais na fin da súa vida, o Syd consegue viaxar cara atrás para volver canda súa nai. Porque o amor é máis forte ca a Morte, e as lembranzas son a única forma de vida que o Tempo non pode tocar.



Inédito en Ourense
Sos Argentina

Inédito en Ourense Sos Argentina

9 Cines Ponte Vella / Sala 7
● Luns 29 / 9 » 19.30 h.



Un pájaro azul

ARIEL ROTTER / Arxentina, Uruguai / 2023 / Ficción / 97 min

Javier e Valeria levan anos intentando sen éxito ter un fillo. A inesperada nova dunha compañeira de traballo de Javier, que lle di que está embarazada del, provoca reflexións e conflitos emocionais na parella. Historia sensible e intimista que roza a traxicomedia e aborda as complexidades das relacións, soños incumpridos e dores non resoltas.

Director Ariel Rotter **Guión** Ariel Rotter, Federico Pintos **Intérpretes** Alfonso Tort, Julieta Zylberberg, Norman Briski, Susana Pampin, Romina Paula, Walter Jakob

2024 Festival de Cine Latinoamericano de Biarritz (Francia) Premio do Xurado e Premio ao mellor actor (Alfonso Tort)



Inédito en Ourense Sos Argentina

📍 Cines Ponte Vella / Sala 7
🕒 Mércores 1 / 10 » 19.30 h.



Lo que quisimos ser

ALEJANDRO AGRESTI / Arxentina / 2024 / Ficción / 90 min

Á saída dun cinema, un home e unha muller falan e seguen a conversa nun café próximo. Alí crean un mundo de fantasía no que se converten nas persoas que sempre quixeron ser e quedan todos os xoves no mesmo lugar. Pouco a pouco namóranse, pero cando a vida real entra en xogo, deberán loitar por protexer a súa relación.


Director Alejandro Agresti **Guión** Alejandro Agresti **Intérpretes** Eleonora Wexler, Luis Rubio, Antonio Agresti, Carlos Gorosito

2024 Festival Internacional de Cine de la Universidad de Buenos Aires - UBA (Arxentina) Mellor Longametraxe Internacional



Inédito en Ourense Sos Argentina

📍 Cines Ponte Vella / Sala 8
🕒 Venres 3 / 10 » 17.00 h.



Miss carbón

AGUSTINA MACRI / Arxentina-España / 2025 / Ficción / 93 min

Historia real de Carla Antonella Rodríguez, primeira mineira nunha rexión de Arxentina onde as mulleres tiñan prohibido traballar nas canteiras.

Directora Agustina Macri **Guión** Erika Halvorsen **Intérpretes** Lux Pascal, Paco León, Laura Grandinetti, Romina Escobar

Inédito en Ourense Sos Argentina

Estrea en Galicia

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6
🕒 Venres 3 / 10 » 19.30 h.



Traslados

NICOLÁS GIL LAVEDRA / Arxentina-Uruguai / 2024 / Documental / 90 min

Co testemuño de exdetidos, familiares e especialistas, arquivos, animacións e recreacións, o filme reconstrúe o crebacabezas que documenta a metodoloxía máis cruel e efectiva do asasinato e desaparición da última ditadura cívico-militar arxentina: os voos da morte (1976-1983).

Director Nicolás Gil Lavedra **Guión** Gustavo Gersberg **Intérpretes** Documental

2024 Premios Martín Fierro de Cine (Arxentina) Mellor documental

2024 Festival de Seattle (EE.UU) Mención especial do Xurado



Inédito en Ourense Sos Argentina

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
🕒 Venres 3 / 10 » 19.30 h.



La llegada del hijo

CECILIA ATÁN, VALERIA PIVATO / Arxentina / 2024 / Ficción / 95 min

No medio dun profundo dó, Sofía recibe ao seu fillo cando este sae do cárcere, tendo unha oportunidade para reconectaren e acurtaren distancias despois de tantos anos.

Directoras Cecilia Atán, Valeria Pivato **Guión** Cecilia Atán, Valeria Pivato **Intérpretes** Maricel Álvarez, Angelo Mutti Spinetta, Cristina Banegas, Greta Fernández

2024 Festival Internacional de Cine de Mar del Plata (Arxentina) Premio Astor Piazzolla ao mellor longametraxe



**Inédito en Ourense
Sos Argentina**

Estrea en Galicia

📍 **Cines Ponte Vella / Sala 8**
🕒 **Venres 3 / 10 » 22.00 h.**



Simón de la montaña


FEDERICO LUIS TACHELLA / Arxentina-Chile-Uruguai / 2024 /
Ficción / 98 min

Simón, un mozo de 21 anos que vive ao pé da cordilleira dos Andes, sente que os seus soños non encaixan coa realidade e decide mudala. Comeza a pasar tempo cun grupo de mozos con discapacidade que crean as súas propias regras para amar e divertirse.

Director Federico Luis **Guión**
Federico Luis, Tomás Murphy,
Agustín Toscano **Intérpretes**
Lorenzo Ferro, Kiara Supini,
Pehuén Pedre

**2024 Festival Internacional de
Cine de Cannes (Francia)** Gran
Premio da Semana da Crítica

**2024 Asociación Argentina de
Críticos Cinematográficos** Cóndor
de Prata á Mellor Ópera Prima





Sección Agarimo



Carmen Martín Gaité

(Salamanca, España 1925 – Madrid, España 2000)

Licenciada en Filosofía e Letras (1948), foi unha das voces máis destacadas da literatura española contemporánea. A súa primeira obra *El balneario* (1955), obtivo o Premio Café Gijón, e o Premio Nadal con *Entre visillos* (1958), consolidándose como narradora. Despois dun período de investigación, voltou con

Retahilas (1974) e logrou o Premio Nacional de Literatura con *El Cuarto de Atrás* (1978). Entre outros recoñecementos, recibiu o Premio Príncipe de Asturias das Letras en 1988 e o Castela e León das Letras en 1992. Colaborou como guionista para televisión en series como *Santa Teresa de Jesús* ou *Celia*.

Sección Agarimo

📍 Teatro Principal

🕒 Domingo 28 / 9 » 22.00 h.

Sección Agarimo



Emilia... parada y fonda

ANGELINO FONS / España / 1976 / Ficción / 94 min

Unha rapariga atractiva pero lastrada por unha formación moral de absoluto puritanismo, a cargo dunha tía que a educou desde pequena, establece relacións cun empresario bastante maior ca ela. Acaba casando con el e é entón cando experimenta o amor por un home da súa idade: un francés.

Director Angelino Fons **Guión / Guion** Carmen Martín Gaité
Intérpretes Ana Belén, Francisco Rabal, María Luisa San José, Juan Diego, Pilar Muñoz, Lina Canalejas



Angela Lansbury

(Londres, Reino Unido, 1925 - Los Angeles, EE.UU. 2022)

No centenario da icónica Angela Lansbury, honramos a unha artista extraordinaria. Oito décadas entre o seu debut (*Gaslight*, 1944) e a súa obra final (*Glass Onion*, 2022) dan testemuño do seu talento e determinación. Conquistou Hollywood na súa mocidade participando en filmes dirixidos por George Cukor, Vicente Minelli, Cecil B. DeMille, Michael

Curtiz ou David Lean. Debutou en Broadway aos 32 anos, onde desenvolveu unha carreira que a convertería nunha lenda do teatro musical. Na súa madurez, continuou combinando o cine e o teatro; e en 1984, abriu camiño cara á televisión. *Se ha escrito un crimen* engaiolou ao público de todo o mundo durante doce tempadas.

Sección Agarimo

📍 Teatro Principal

🕒 Sábado 27 / 9 » 19.30 h.



Luz que Agoniza

GEORGE CUKOR / Estados Unidos / 1944 / Ficción / 114 min

Na Inglaterra vitoriana, unha famosa cantante de ópera é asasinada. A súa sobriña pequena, que vivía con ela, é enviada a Italia e o caso segue sen resolverse. Alí estuda canto e casa co pianista do seu profesor. Despois da lúa de mel, a parella instálase na antiga casa da cantante asasinada, onde a moza comeza a escoitar rúidos estraños e inexplicables a medida que a luz de gas escintila.

Director George Cukor **Guión** John Van Druten, Walter Reisch, John L. Balderston **Interpretes** Charles Boyer, Ingrid Bergman, Joseph Cotten, Angela Lansbury

1944 Oscar Premio mellor actriz protagonista (Ingrid Bergman) 
Premio mellor dirección artística (Cedric Gibbons, William Ferrari, Edwin B. Willis, Paul Huldschinsky)

1944 Globos de Oro Premio mellor actriz - drama (Ingrid Bergman) 

Sección Agarimo

📍 Centro Cultural Marcos Valcárcel

🕒 Martes 30 / 9 » 18.00 h.



El mensajero del miedo

JOHN FRANKENHEIMER / Estados Unidos / 1962 / Ficción / 121 min

Cando lle piden ao Maior Bennett Marco (Frank Sinatra) que dea a súa opinión sobre o sarxento Raymond Shaw (Laurence Harvey), declárao un verdadeiro heroe. Pero en realidade, o Shaw parécelle un personaxe moi sospeitoso: un pesadelo enlouquecedor lévao a sospeitar que o sarxento agocha algo indescribíbel. Só a actuación de Angela Lansbury xa paga a pena neste atrevido *thriller* de espías que nunca deixa de sorprender.

Director John Frankenheimer **Guión** George Axelrod **Interpretes** Frank Sinatra, Angela Lansbury, Laurence Harvey, Janet Leigh, Henry Silva

1962 Oscar Nominación mellor actriz reparto (Angela Lansbury) 

1962 Globos de Oro Premio mellor actriz reparto (Angela Lansbury) 

Sección Agarimo

9 Centro Cultural Marcos
Valcárcel

© Xoves 2 / 10 » 18.00 h.



La muerte en el Nilo

JOHN GUILLERMIN / Reino Unido / 1978 / Ficción / 140 min

A bordo do Karnak, un luxoso barco fluvial que navega polas tranquilas augas do Nilo, dez personaxes vense envoltos no misterioso asasinato dunha rica herdeira estadounidense. Cada un dos pasaxeiros ten motivos ocultos para cometer o crime. Hércules Poirot encárgase da investigación para desentrañar o enigmático asasinato.

Director John Guillermin **Guión** Anthony Shaffer **Intérpretes** Peter Ustinov, David Niven, Angela Lansbury, Jack Warden, Maggie Smith, Bette Davis, George Kennedy

1979 Oscar Premio mellor vestuario (Anthony Powell)

1979 Globos de Oro Nominación mellor película estranxeira (Samuel Goldwyn Award)



DIRECTED BY JOHN GUILLERMIN



Sección Colleita

Estrea en Galicia

📍 Teatro Principal

🕒 Domingo 28 / 9 » 19.30 h.



Amores Brujos

LUCÍA ÁLVAREZ / España / 2025 / Documental / 81 min

O documental narra a unión entre Manuel de Falla e María Lejárraga, dúas figuras clave da cultura española recente. A través de anécdotas que nos narran, introdúcense cadros de flamenco interpretados polas personalidades máis destacadas do panorama artístico actual.

Directora Lucía Álvarez **Guión** José Ramón Fernández, Luis García Montero **Intérpretes** Lucía Álvarez, Jesús Barranco, Juan Manuel Cañizares, Israel Fernández, Carmen París

🕒 28 / 9 » Coa presenza da directora

Sección Colleita

📍 Teatro Principal

🕒 Luns 29 / 9 » 19.30 h.



Mr. Nadie

MIGUEL ÁNGEL CALVO BUTTINI / España / 2025 / Ficción / 92 min

Daniel, alto directivo despedido por un grave desfalco, decide abandonar á súa familia para protexela dunha vinganza segura, deixándolles case todos os seus cartos. Agora vive só na rúa, sen falar nin relacionarse con ninguén.

Director Miguel Ángel Calvo Buttini **Guión** Miguel Ángel Calvo Buttini, Alicia Rodríguez **Intérpretes** Félix Gómez, Ainara Elejalde, Myriam Mézières, Susana Córdoba, Mariano Llorente

🕒 29 / 9 » Coa presenza do director e actor protagonista

Sección Colleita

📍 Teatro Principal

🕒 Xoves 2 / 10 » 19.30 h.



La Sombra del Ombú (Ombuaren Itzala)

PATXI BISQUERT / España / 2025 / Ficción / 115 min

O bertsolari-poeta Pello Mari Otaño foxe á República Arxentina tras a Abolición Foral (1876) para evitar o servizo militar. Regresa dous anos despois ao comprobar que non hai requirimento. Traballa co gando durante case dez anos, vive coma un "gaucho" ata que enferma e decide volver á súa terra. Aquí comeza a narración do filme.

Director Patxi Bisquert **Guión** Patxi Bisquert **Intérpretes** Uma Manterola, Joseba Usabiaga, Sara Cózar, Ramón Agirre

🕒 2 / 10 » Coa presenza do director

Sección Colleita

📍 **Teatro Principal**
🕒 **Sábado 4 / 10 » 17.00 h.**
📍 **C. Penit. Pereiro de Aguiar**
🕒 **Venres 3 / 10 » 11.00 h.**



El cuento del lobo

NORBERTO LÓPEZ AMADO / España / 2025 / Ficción / 93 min

Olga e Javier, parella de clase media, presencian como a moza que lles limpa a casa recibe mensaxes ameazantes no móbil. Deciden intervir e, con iso, enfróntanse a un cambio repentino nas súas vidas.

Director Norberto López Amado
Guión Norberto López Amado (basado en *Duda razonable* de Borja Ortiz de Gondra) **Intérpretes** Daniel Grao, Lucía Jiménez, María Romanillos, Paco Tous


🕒 **4 / 10 » Coa presenza do director**



Cine familiar

Cine familiar Ouff escola

📍 **Auditorio Municipal**
🕒 Sábado 27 / 9 » 12.00 h.
🕒 Martes 30 / 9 » 11.00 h.



La luz de Aisha

SHADI ADIB / España-Alemaña-Singapur / 2025 / Animación / 85 min

Aisha vive en Al-Ándalus, onde os fogos artificiais son o espectáculo máis popular. Soña con converterse nunha gran pirotécnica, pero o seu pai, Ahmad, insiste en que siga a tradición familiar da caligrafía. Cando un alquimista, Txawir, engana á Aisha para roubarlle ó seu pai un perigoso libro que custodia, o Ahmad é encarcerado inxustamente e a Aisha emprende unha viaxe chea de aventuras para libéralo.

Directora Shadi Adib **Guión** Xavier Romero, Llorenç Español
Intérpretes (voces) Michelle Jenner, Jose Posada, Nerea Rodríguez, Jordi Sánchez

Ouff escola

📍 **Auditorio Municipal**
🕒 Mércores 1 / 10 » 11.00 h.



Un "like" de Bob Trevino (Bob Trevino Likes It)

TRACIE LAYMON / EE.UU. / 2024 / Ficción / 102 min

Lily Trevino é unha moza insegura e solitaria que acaba de ser abandonada polo seu pai. Cando decide seguir o seu rastro en Facebook, atopa un perfil co mesmo nome ca o del. Empeza a darlle like ás súas fotos e comentarios. Deste xeito coñece a Bob Trevino, un home afixido que perdeu recentemente ao seu fillo e co que acaba por establecer unha estreita relación de amizade.

Directora Tracie Laymon **Guión** Tracie Laymon **Intérpretes** Barbie Ferreira, John Leguizamo, French Stewart

2024 Festival South by Southwest
- **SXSW (EE.UU.)** Gran Premio do Xurado / Gran Premio del Jurado

2024 Seminci (Valladolid / España)
Premio do Público / Premio del Público





Xeración OUFF

Xeración OUFF

📍 Teatro Principal

🕒 Martes 30 / 9 » 22.00 h.



Vías cruzadas (The Station Agent)

TOM MCCARTHY / Estados Unidos / 2003 / Ficción / 88 min

Finbar McBride odia ser o centro de atención, pero pasar desapercibido medindo menos de 1,35 m é imposible. Nado con raquitismo, quere vivir illado gozando da súa única paixón: os trens. Instálase nunha estación abandonada de Nova Jersey, pero pouco a pouco e sen querelo, comeza a relacionarse cos seus veciños.

Director Tom McCarthy **Guión** T. McCarthy **Intérpretes** Peter Dinklage, Patricia Clarkson, Bobby Cannavale, Raven Goodwin

2003 Premios BAFTA (Reino Unido) Mellor Guión Orixinal

2003 Festival de Sundance (EE.UU.) Premio do Público, Mellor Guión, Premio Especial do Xurado



Xeración OUFF

📍 Teatro Principal

🕒 Sábado 27 / 9 » 17.00 h.



Weltstadt

CHRISTIAN KLANDT / Alemaña / 2008 / Ficción / 104 min

Retrato de cinco personaxes, 24 horas antes dun crime: Karsten e Til (dous adolescentes), Steffi (un sen teito), Günter (o policía) e Heinrich (o dono do bar e testemuña). Baseada en feitos reais, amosa unha cara descoñecida da sociedade alemá.

Director Christian Klandt **Guión** Christian Klandt **Intérpretes** Florian Bartholomäi, Gerdy Zint, Karoline Schuch, Hendrik Arnst


2008 Festival de Cine de Montreal (Canadá) Premio á Mellor Ópera Prima

2008 Festival de Cine de Bérghamo (Italia) Premio Rosa Camuna para Christian Klandt

Xeración OUFF

📍 Teatro Principal

🕒 Domingo 28 / 9 » 17.00 h.



¿Quién diablos es Juliette?

CARLOS MARCOVICH / México / 1997 / Documental / 91 min

A historia de Juliette, unha adolescente cubana, e Fabiola Quiroz, unha modelo mexicana, quen, con humor e franqueza, rodeadas de peculiares personaxes secundarios, demostrannos que a ausencia dos seus pais, as carencias e as adversidades fixéronas máis fortes.

Director Carlos Marcovich **Guión** Carlos Marcovich **Intérpretes** Yuliet Ortega, Fabiola Quiroz, Jorge Quiroz

1998 Premio Ariel (México) Mellor Ópera Prima

1998 Festival de Sundance (EE. UU.) Mellor Película de América Latina

Xeración OUFF

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
🕒 Xoves 2 / 10 » 19.30 h.



Entre nosotras (Deux)

FILIPPO MENEGHETTI / Francia, Luxemburgo, Bélxica / 2019 / Ficción / 95 min

Nina e Madeleine, dúas mulleres xubiladas, que levan décadas secretamente namoradas. Mentras que de cara os demais non son máis que dúas veciñas dun mesmo edificio, elas van e veñen dun piso a outro, compartindo as tenras delicias da vida cotiá. Ata o día en que a súa relación dá un xiro por un evento inesperado.

Director Filippo Meneghetti **Guión** Filippo Meneghetti y Malysone Bovorasmay **Intérpretes** Barbara Sukowa, Martine Chevallier, Léa Drucker, Muriel Benazeraf, Jérôme Varanfrain

🕒 2 / 10 » Coa presenza do director

Xeración OUFF

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 7
🕒 Martes 30 / 9 » 19.30 h.



Techo y comida

JUAN MIGUEL DEL CASTILLO / España / 2015 / Ficción / 90 min

Xerez da Fronteira, 2012. Rocío, unha nai solteira e sen traballo, non recibe ningún tipo de axuda nin subsidio. Vive canda o seu fillo de oito anos nun piso cuxo alugueiro non paga dende hai meses, o dono a ameázaa continuamente con botalos á rúa.

Director Juan Miguel del Castillo **Guión** Juan M. Del Castillo **Intérpretes** Natalia de Molina, Jaime López, Natalia Roig, Mariana Cordero

2015 Festival de Málaga (España)
Mellor actriz (Natalia de Molina) e Premio do Público

2016 Premios Forqué Mellor actriz (Natalia de Molina)

Xeración OUFF

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6
🕒 Venres 3 / 10 » 17.00 h.



Tren de sombras

JOSÉ LUIS GUERÍN / España / 1997 / Ficción / 80 min

O avogado parisiense G rald Fleury sae na madrugada do 8 de novembro de 1930 en busca da luz adecuada para completar a s a filmaci n paisax stica sobre o lago de Le Thuit (Francia). Ese mesmo d a falece en estra as e a nda desco ecidas circunstancias. Pouco antes realizara a rodaxe dun dos seus recorrentes filmes familiares.

Director Jos  Luis Guer n **Gui n** J.L. Guer n **Int rpretes** Anne C line Auche, Juliette Gautier, Ivon Orvain, Marc Montserrat

1997 Festival de Sitges (Espan a)
Premio da cr tica. Premio Meli s D'argent (Mellor pel cula)

1999 Premios Sant Jordi de cinematografia (Espan a) Mellor pel cula espa ola



Xeraci n OUFF

📍 **Cines Ponte Vella** / Sala 6
🕒 Venres 3 / 10 » 22.00 h.



Mug (Twarz)

MALGORZATA SZUMOVSKA / Polonia / 2018 / Ficción / 91 min

Jacek ama   s a moza,   seu can e o heavy metal. A s a familia e os seus compa eiros veno como un friki divertido que traballa na construcci n da que se sup n que ser  a estatua m is alta de Xes s no planeta. Pero un d a, a causa dun accidente severo que lle desfigura

Directora Ma gorzata Szumowska **Gui n** Ma gorzata Szumowska **Int rpretes** Agnieszka Podsiadlik, Ma gorzata Gorol, Anna Tomaszewska

2018 Festival de Berl n (Alema a)
Gran Premio do Xurado

2018 Festival de Gij n/ Xix n (Espan a) Premio do Xurado Xove





**Ciclo Amal en ruta
Cine árabe**

Ciclo Amal en ruta Cine árabe

📍 **Teatro Principal**

🕒 **Martes 30 / 9 » 19.30 h.**



El viejo roble (The Old Oak)

KEN LOACH / Reino Unido / 2023 / Ficción / 110 min

O filme segue o destino de *The Old Oak*, o único pub que resiste nunha vila do noroeste de Inglaterra, onde a xente abandona a terra a medida que pechan as minas. As casas, baratas e dispoñibles, convértense nun lugar idóneo para a chegada dun grupo de refuxiados sirios.

Director Ken Loach **Intérpretes**
Dave Turner, Ebla Mari

2023 Ghent International Film Festival (Bélxica) Premio do Público

2023 SEMINCI (Valladolid) Premio do Público / *Premio del Público*

🕒 **30 / 9 » Presentará David Rodríguez,
director da Fundación Aragonay**

Ciclo Amal en ruta Cine árabe

📍 **Cineclube Padre Feijoo**
🕒 Mércores 1 / 10 » 12.00 h.



Inshallah Walad

AMJAD AL RASHEED / Xordania-Francia-Arabia Saudita-Qatar-Exipto / 2023 / Ficción / 113 min

Nai e ama de casa, Nawal ten que enfrontarse á morte súbita do seu marido. Segundo a Lei de Sucesións, a familia del pode reclamar a maioría das pertenzas, incluída a vivenda que ela pagou, só por non ter fillos. Desesperada, finxe estar embarazada.

Director Amjad Al Rasheed **Guión** Delphine Agut, Rula Nasser
Intérpretes Haitham Alomari, Yumna Marwan, Salwa Nakkara, Mohammed Al Jizawi

2023 Semana de la Crítica de Cannes (Francia) Premio da Fundación GAN

2024 International Fribourg Film Festival (Suíza) Premio elección da Crítica



Ciclo Amal en ruta Cine árabe

📍 **Cineclube Padre Feijoo**
🕒 Xoves 2 / 10 » 12.00 h.



Bye Bye Tiberias

LINA SOUALEM / Palestina-Bélxica-Qatar-Francia / 2023 / Documental / 82 min

Anos despois de deixar a súa aldea palestina para emprender unha carreira de actriz en Francia, Hiam Abbass regresa á casa coa súa filla neste documental íntimo sobre catro xeracións de mulleres e o seu legado compartido de separación.

Directora Lina Soualem **Guión** Lina Soualem, Nadine Naous, Gladys Joujou **Intérpretes** Hiam Abbass, Um Ali, Said Abbass, Omayya Younes

2024 Festival de Cine Africano (España) Mellor longametraxe

2024 Festival de Cinéma En Ville (Bélxica) Premio do Xurado



Ciclo Amal en ruta Cine árabe

📍 Cineclube Padre Feijoo
🕒 Venres 3 / 10 » 12.00 h.



To a Land Unknown

MAHDI FLEIFEL / Grecia-Reino Unido-Palestina-Alemaña-Países Baixos-Qatar-Francia-Arabia Saudí / 2024 / Ficción / 105 min

Chatila e Reda, de orixe palestina, son dous curmáns que viven nos suburbios de Atenas buscando unha vida mellor. Para aforrar e conseguir pasaportes falsos e chegar a Alemaña. Chatila idea un plan extremo: facerse pasar por traficantes e tomar reféns.

Director Mahdi Fleifel **Guion** Mahdi Fleifel, Fyzal Boulifa, Jason McColgan **Intérpretes** Angeliki Papoulia, Mondher Rayahneh

2024 Shanghai International Film Festival (China) Premio do Público

2024 Mediterrane Film Festival (Malta) Premio do Xurado



Ciclo Amal en ruta Cine árabe

📍 Cineclube Padre Feijoo
🕒 Sábado 4 / 10 » 12:00 h.



El maestro (The Teacher)

FARAH NABULSI / Palestina-Reino Unido / 2023 / Ficción / 115 min

Un profesor palestino enfróntase á devastadora realidade do conflito en Gaza mentres trata de inspirar aos seus estudantes a través da educación. A película retrata, cunha mirada íntima, o choque entre o idealismo e a brutalidade cotiá onde o ensino torna nun acto de resistencia.

Directora Farah Nabulsi **Guión** Farah Nabulsi **Intérpretes** Saleh Bakri, Imogen Poots, Muhammad Abed Elrahman

2024 Galway Film Fleadh (Irlanda)
Mellor filme internacional

2024 San Francisco International Film Festival Premio do público





Fóra de serie

Fóra de serie

Preestrea

📍 Teatro Principal

🕒 Venres 3 / 10 » 19.30 h.



O home perfecto

GISSELLE LLANIO, LUCÍA ESTÉVEZ / Galicia / 2025 / Ficción /
13 capítulos de 50 min

Rebeca de 35 anos e Luísa de 70, buscan sen sabelo unha segunda oportunidade tras as súas vidas marcadas pola dor. El preséntase como Gus para unha e como Leo para a outra: encantador, sensible, o "home perfecto". Pero todo era unha farsa: desaparece cos seus aforros e ilusións. Non son as súas primeiras vítimas e quizais tampouco sexan as últimas.

Dirección Giselle Llanio, Lucía Estévez **Guión** Sergio Campo, Alberto Guntín, Lidia Fraga, Roberto G. Méndez, Jacobo Díaz **Intérpretes** Adrián Castiñeiras, Alba Loureiro, Elena Seijo, Desiré Pillado, Xabier Fonseca, Tito Asorey, Carlos Villarino, Andrea Fernández, Marta Doviro, María Costas




Made in OU

Sección Made in OU

Bloque 1

9 Centro Cultural Marcos
Valcárcel

© Luns 29 / 9 » 18.00 h.




El olvido

LUCÍA ÁLVAREZ / Galicia /

2025 / Ficción / 15 min

Almudena recibe a nova da morte da súa profesora. Ninguén sabía nada dela dende hai tempo. Isto lévaa a investigar e repensar a súa vida.



Nuno

ANTÍA IGLESIAS / Galicia /

2025 / Animación / 3 min

O Nuno é un bebé moi querido que aínda non fala. Sen prásas, observa o mundo e decide tomar o seu tempo para aprender.

Estrea mundial



O segredo do fulión


PEPELU VIÑAS, AIMAR VEGA

Galicia / 2025 / Documental / 14 min

Un novo narrador de vinte anos convida á actriz Mariana Carballal a viaxar ás montañas de Galicia para descubrir os rituais máis antigos do *Entroido*.

Sección Made in OU

Bloque 2



♀ Centro Cultural Marcos Valcárcel

© Mércores 1 / 10 » 18.00 h.

A Penagache

MARCOS SEIJO / Galicia /
2025 / Documental / 15 min

Veciños de Quintela de Leirado contan en primeira persona como, durante a ditadura franquista, moitas persoas recorrían ao contrabando para sobrevivir.



O Entroido en Camba

LAURA PRIETO ÁLVAREZ
Galicia / 2024 / Documental / 4 min

A través dos recordos da súa familia, a directora vai reconstruíndo anécdotas que nos axudan a entender como era o Entroido de Camba.



Quen nos salva?

ALBERTO ESTÉVEZ SÁNCHEZ
Galicia / 2025 / Documental / 28 min

Que acontece cando escoitamos a quen nunca se lle deu voz? *Quen nos salva?* é o alento que revelan as historias detrás do estigma.

Estrea no OUFF

Sección Made in OU

Bloque 3




♀ Centro Cultural Marcos Valcárcel

© Venres 3 / 10 » 18.00 h.

Paula, con P de Reme

ISABEL SALGADO / Galicia /
2024 / Ficción / 23 min


A historia dunha embarazada forzada a prostituírse. O seu encontro cunha escritora revela a súa dor e ofrece un momento fugaz de comprensión.



Udra

CHARLES ALEXANDER /
Galicia / 2024 / Ficción / 20 min

Tras unha reunión decisiva, Paula regresa a Udra, a súa terra natal. Alí reconecta coas raíces e enfróntase ao pasado. Pero non sempre hai tempo para corrixir os erros.



A luz das ánimas

SERGIO SANTOS OTERO
Galicia / 2025 / Documental / 45 min

O documental revela os petos das ánimas como testemuñas vivas da fe, memoria e devoción popular.

Pase Especial ♀ Cineclub Padre Feijoo © Sábado 4 / 10 » 17.30 h.



Calpurnia de Honra

Entrega na Gala de Clausura
📍 Auditorio Municipal
🕒 Sábado 4 / 10 » 20.00 h.



Daniel Guzmán

MADRID, 1972

Daniel Guzmán é unha das voces máis recoñecíbeis do cinema español contemporáneo, tanto polo seu traballo como intérprete como pola súa consolidada traxectoria como director e guionista. Comeza a súa carreira como actor con catorce anos no teatro e na televisión, e axiña deu o salto ao cinema con títulos como *Éxtasis* de Mariano Barroso ou *Barrio* de Fernando

León de Aranoa, confirmando a súa capacidade para encarnar personaxes marcados pola intensidade e a veracidade. Ao longo da súa carreira como actor traballou en películas como *Hola, ¿estás sola?*, *Rewind* ou *A golpes*, así como en series de grande repercusión popular, aínda que sempre mantendo unha clara vocación de vincularse a proxectos cun forte

compoñente social e humano. A súa evolución natural levouno a dirección. En 2003 asinou a curtametraxe *Sueños*, coa que obtivo o Premio Goya á Mellor Curtametraxe de Ficción, a Espiga de Ouro na SEMINCI e o Premio do Público no Festival de Málaga. Este debut marcou o inicio dunha etapa creativa na que volcou a súa propia experiencia vital e a súa ollada cara á realidade da rúa e das marxes urbanas. En 2015 presentou a súa primeira longametraxe, *A cambio de nada*, relato de iniciación con claros tintes autobiográficos que o situou de inmediato entre os cineastas máis prometedores da súa xeración. O filme recibiu a Biznaga de Ouro no Festival de Málaga, así como dous Premios Goya (Mellor Director Novel e Mellor Actor Revelación) e seis nomeamentos, ademais de múltiples recoñecementos da crítica e do público. A súa segunda obra, *Canallas* (2022), afondou na hibridación de realidade e ficción, apostando por unha comedia dramática

que consolidou o seu estilo persoal. Tras a súa participación na Sección Oficial do Festival de Málaga, obtivo unha gran acollida do público e da crítica especializada. En 2025 inaugurou o Festival de Málaga con *La deuda*, unha historia urbana centrada nun home e nunha anciá ao bordo do desafiuzamento que tamén se poderá ver no OUFF. Con este filme, Guzmán reforza o seu compromiso cun cinema que reflicte a precariedade, a amizade e a dignidade da clase traballadora, sempre desde unha perspectiva profundamente humana e comprometida. Ao longo da súa traxectoria, Daniel Guzmán conseguiu conxugar a autenticidade das súas orixes cun talento narrativo que o converte nun referente imprescindible do cinema español actual.

Premio Chano Piñeiro

Entrega na Gala de Inauguración
9 Auditorio Municipal

© Venres 26 / 9 » 20.00 h.



José Manuel Cancela

HANNOVER (ALEMAÑA), 1972

José Manuel Cancela é un compositor musical especializado na creación de bandas sonoras. Nado en Hannover (Alemaña) en 1972, fillo de emigrantes galegos orixinarios de Loureda e Oseiro (Arteixo, A Coruña). Aos sete anos, durante unhas vacacións en Galicia, sentiu unha atracción inmediata pola música ao escoitar unha gaita

tradicional: "foi como meter os dedos dentro dun enchufe". Con tan só 23 anos traballou con Pedro Knight, marido de Celia Cruz. Esta oportunidade marcou o inicio da súa etapa como músico de xira, traballando con estrelas como Celia Cruz, Jennifer López, Marc Anthony, Janet Jackson, U2 ou os Backstreet Boys.

Premio AISGE

Entrega na Gala de Inauguración
♀ Auditorio Municipal

© Venres 26 / 9 » 20.00 h.



Charo Pena
A ESTRADA, PONTEVEDRA

Charo Pena naceu no lugar de Rebordelo en Tabeirós, no concello da Estrada. Aos once anos trasladouse coa familia a Compostela, cidade na que residiría dende entón, aínda que sen deixar de volver acotío á súa aldea e á fala da súa xente: referentes de idioma. As voces que se escoitan durante a nenez aniñan no máis profundo dos recordos.

Como directora de dobraxe é a responsable de películas como *Amadeus*, *Heroína*, *Drácula*, *de Bram Stoker*, *O lapis do carpinteiro*, *A lista de Schindler*, *Amores perros*, *O paciente inglés*, *Os luns ao sol*, *A lingua das bolboretas*, a saga de *Harry Potter* ou, máis recentemente *Brazil*, *Puñais polas costas* ou *Ponyo no cantil* entre moitas outras.

Premio á mellor Ópera Prima española

Entrega na Gala de Clausura
♀ Auditorio Municipal

© Sábado 4 / 10 » 20.00 h.



Avelina Prat García
VALENCIA, 1972

Arquitecta, directora de cine e supervisora de guións. Antes de entrar na industria cinematográfica, traballou un tempo como arquitecta. A partir de 2004, foi supervisora de guión en máis de 30 longametraxes á beira de directores como Fernando Trueba, Cesc Gai, Manuel Martín Cuenca, Javier Rebollo, David Trueba ou Lucile Hadzihalilovic.

Tamén foi programadora no Festival Internacional Cinema Jove de Valencia. Escribiu e dirixiu varios documentais e curtametraxes. O último deles, *3/105* (2014), codirigido con Diego Opazo, foi seleccionado na Mostra de Venecia.

Premio á mellor Opera Prima española

Teatro Principal
Mércores 1 / 10 » 19.30 h.



Una quinta portuguesa

AVELINA PRAT / España-Portugal / 2025 / Ficción / 114 min

A vida do Fernando, profesor de Xeografía, derrúbase cando a súa esposa, a inmigrante serbia Milena, desaparece sen deixar rastro. A policía conclúe que ela regresou a Serbia, pero el, devastado, marcha a Portugal para comezar de novo. Alí coñece a Amalia, tamén fuxindo do seu pasado.

Directora Avelina Prat **Guión** Avelina Prat **Intérpretes** Manolo Solo, Maria de Medeiros, Branka Katic, Rita Cabaço

© 1 / 10 » Coa presenza da directora

MANOLO SOLO

MARIA DE MEDEIROS

BRANKA KATIC



Actividades paralelas



Exposición

Making Movies

Centro Cultural Marcos Valcarcel

Do 18 / 9 ata o 2 / 11

Todos os días de 11.00 a 14.00 h

De luns a venres de 17.00 a 21.00 h

Encontros literarios de cinema

O cineísta andarengo

Librería Tanco. Mércores 24 / 9 ás 20.00 h

Mujeres de cine

Ceres 1894. Sábado 27 / 9 ás 12,30 h

III Encontro Estatal da Plataforma

Audiovisual de Produtoras

Hotel Balneario de Laías. Do 28 / 9 ao 30 / 9

OUFF Film Symphony. Hans Zimmer

Tribute

Auditorio Municipal de Ourense

Domingo 28 / 9 ás 12.00 h

Faíscas

Centro Cultural Marcos Valcarcel

Sábado 4 / 10 ás 17.00 h

Roteiros de Cine

Ourense, Pazos e Moldes

29 / 9. Saída ás 10.00 h dende a Alameda

Esgos, Allariz e Celanova

1 / 10. Saída ás 10.00 h dende a Alameda

San Clodio, Ribadavia e Melón

3 / 10. Saída ás 10.00 h dende a Alameda

Encontro de Academias de Cinema e

Audiovisual da Península

Centro Cultural Marcos Valcarcel

Do 30 / 9 ao 2 / 10

Xanela

Cine Paraíso, Leiro

Ceres 1894. Martes 30 / 9 ás 12.00 h

Habitar o baleiro

Ceres 1894. Martes 30 / 9 ás 12.00 h

Pensión incompleta

Ceres 1894. Xoves 2 / 10 ás 12.00 h

Almas ao unísono

Ceres 1894. Sábado 4 / 10 ás 11.00 h

Foro La Región

Gerardo Sánchez. Vamos a hablar de cine

Centro Cultural Marcos Valcarcel

Sábado 4 / 10 ás 12.00 h

Pase especial Bonodez+

Teatro Principal

10 / 10 ás 20.00 h

Presentación libro 30 anos do OUFF

Sonia Torre Delgado

Centro Cultural Marcos Valcarcel

Xoves 13 / 11



Ouff Film Symphony

HANS ZIMMER TRIBUTE

Auditorio Municipal de Ourense / 12.00 h / 28 de setembro 2025



2025 Ministerio de Cultura y Deporte

lurede

Auditorio Municipal de Ourense

Orquestra Sinfónica de Galicia



URBANCA

GAD3



GADEA

La Modern

بای بای طبریا

BYE BYE TIBERIAS

A FILM BY
LINA SOUALEM
WITH
HIAM ABBASS

BYE BYE TIBERIAS is a film by Lina Soualem, a Lebanese filmmaker, and Hiam Abbass, a Lebanese actress. The film is a tribute to the director's mother, who was a prominent figure in the Lebanese film industry. The film is a black and white drama that tells the story of a woman who is forced to leave her home and her family during the Lebanese Civil War. The film is a powerful and moving work that explores the themes of loss, displacement, and the impact of war on the individual.



OFFICIAL SELECTION

tiff

TOURNAIS INTERNATIONAL FILM FESTIVAL 2024



Organiza



Financian



Patrocinan



Media partner



Colaboradores



Máis información